


DENOMINACIÓN DO BEN: <b>Escola pública de Morgadães</b> <b>CRA ANTÍA CAL UNIDADE DE GUILLUFE</b>	
TITULARIDADE: <b>Pública</b>	UBICACIÓN: <b>Morgadães (Santiago)/Guillufe</b>
CONTORNO: <b>Estrada A Pedra-Guillufe.</b>	



**DESCRICIÓN:**

A sociedade “Unión Hijos de Morgadanes” comezou a xestarse en xaneiro de 1918, coa finalidade de crear un organismo que reunise aos emigrantes non só de Morgadães, senón tamén de Chaín e Peitíeiros. No ano 1923, os emigrantes de Morgadães, residentes en Uruguay crearon unha escola para que, os mozos do lugar, cando emigrasen, o fixesen cunha preparación cultural axeitada.

Trátase de un gran edificio de pranta rectangular, con dous corpos e baixo cuberta, sobre un zócalo que salva o desnivel do terreo. A construción está realizada en sillería regular, con sinxelos vans rectangulares. A cuberta é a dúas augas, con cuberta de tella plana. Neste volume só destaca o balcón, apoiado sobre dúas ménsulas, na parte superior da porta principal no que se pode ler: “Casa escuela Pro-Morgadanes”; mentres que na fachada posterior, na que se abre ao xardín, observamos unha escalinata de acceso ao primeiro andar.